


Universidade de Vigo	<b>FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS</b>
Ref.: FPRL 01-09 Páx. 1 de 2	<b>RISCOS BIOLÓXICOS</b>

## CONCEPTOS

**QUE É O RISCO BIOLÓXICO?**  
 É o risco que pode ser producido por unha posible exposición a microorganismos que poidan causar enfermidades.  
 Os contaminantes biolóxicos son seres vivos (bacterias, virus, protozoos, fungos, vermes, parasitos...) que causan enfermidades de tipo infeccioso ou parasitario cando se introducen no organismo humano.  
 As vías polas que se poden introducir no organismo son as seguintes:



**NIVEIS DE CONTENCIÓN E CLASIFICACIÓN DOS AXENTES BIOLÓXICOS**  
 Hai distintos grupos de contención en función dos axentes biolóxicos que se manipulen:

- **Nivel de contención I. Axente biolóxico I:** aquel que resulta pouco probable que cause enfermidade nas persoas.
- **Nivel de contención II. Axente biolóxico II:** pode ser perigoso e causar enfermidade nas persoas pero é pouco probable a súa propagación á colectividade, ademais existe un tratamento eficaz.
- **Nivel de contención III. Axente biolóxico III:** pode ser moi perigoso e causar graves enfermidades nas persoas, ten perigo de que se propague á colectividade e existe un tratamento eficaz.
- **Nivel de contención IV. Axente biolóxico IV:** é moi perigoso e causa graves enfermidades nas persoas, é moi probable que se propague á colectividade e non existe un tratamento eficaz.

## MEDIDAS PREVENTIVAS

**RECOMENDACIÓNS XERAIS**

- Use os equipos de protección individual adecuados a cada tarefa
- Extreme a hixiene persoal, lave as mans antes e despois de cada tarefa e antes de saír do laboratorio
- A roupa de laboratorio non se almacenará no mesmo lugar cá roupa de ir pola rúa nin se lavará xunta
- Non use lentes de contacto, pulseiras, colgantes e leve o pelo recollido
- Utilice bata e roupa de traballo e non vaia a lugares comúns (comedor, cafetería...) con esta roupa
- Está prohibido “pipetear” coa boca, comer, beber, ou tomar medicamentos no laboratorio
- Se ten algunha ferida tápea cun apósito e use luvas
- Sempre que haxa perigo de salpicaduras utilice gafas de seguridade ou pantallas faciais
- Restrinxa no posible o uso de agullas e xiringas, as que sexan dun só uso colocaranse nun colector especial debidamente sinalizado
- Non mesture residuos contaminados bioloxicamente con outro tipo de residuos. Todo material ou residuo biolóxico debe ser sometido a un programa de xestión de residuos.

REALIZADO	REVISADO	MODIFICADO
Técnica superior en PRL  Monserrat Alonso fernández Data: 27/01/2009	Servizo de Prevención de Riscos Laborais   M <sup>a</sup> José Montero Vilariño    Carmen Alvarez González Data: 27/01/2009	 Data: 10-06-2013  M <sup>a</sup> JOSÉ MONTERO VILARIÑO

Universidade de Vigo	<b>FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS</b>
Ref.: FPRL 01-09 Páx. 2 de 2	<b>RISCOS BIOLÓXICOS</b>

### NIVEL DE CONTENCIÓN I

Nos laboratorios de nivel de contención biolóxica I trabállase con axentes biolóxicos que é pouco probable que causen enfermidades ao traballador. As precaucións que se deben tomar son as que aparecen no apartado de recomendacións xerais ademais dun programa de desinsectación e desratización.

### NIVEL DE CONTENCIÓN II

Nos laboratorios de nivel de contención biolóxica II débense seguir as recomendacións xerais, as de nivel de contención I, e ademais:

- Cada laboratorio terá un lavabo para lavar as mans. Recoméndase o accionado co pé ou cóbado
- Haberá unha autoclave no propio laboratorio para a descontaminación de refugallo e de material bioloxicamente contaminado
- O responsable do laboratorio establecerá as normas de acceso e prohibirá a entrada a persoas inmunodeprimidas ou con risco alto de contraer infeccións
- As agullas hipodérmicas e xiringas serán dun só uso e eliminaranse, sen encapsular, en recipientes rixidos aptos para a esterilización ou a incineración
- As tarefas que poidan producir aerosois realizaranse en cabinas de seguridade de clase I ou clase II
- Nas portas de acceso aos laboratorios, nos conxeladores e refrixeradores usados para gardar microorganismos do grupo de risco II haberá o sinal internacional de perigo biolóxico.
- No caso de derrame ou accidente notifícalo ao responsable do laboratorio e ao servizo de prevención de riscos laborais, segundo a "NPRL 01-06 Actuación en caso de accidente"

### NIVEL DE CONTENCIÓN III E IV

Normalmente na Universidade de Vigo non se manexan axentes biolóxicos III e IV. En caso de que se manipulasen avise ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade.



**Sinal internacional de perigo biolóxico**

## REFERENCIAS LEGAIS

Real decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados con exposición a axentes biolóxicos durante o traballo.

Guía técnica para a avaliación e prevención dos riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos.

REALIZADO	REVISADO	MODIFICADO
Técnica superior en PRL  Monserrat Alonso Fernández Data: 27/01/2009	Servizo de Prevención de Riscos Laborais  M <sup>a</sup> José Montero Vilarino Data: 27/01/2009	Data: 10-06-2013  Carmen Alvarez González 